



A APDR CUALIFICA DE “EXCELENTE NOTICIA” A SENTENCIA DA AUDIENCIA NACIONAL

Para a Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) a sentenza da Audiencia Nacional do pasado 19 de maio pola que se condena á Administración a *incoar expediente de caducidade da concesión de ENCE en Lourizán e a adoptar todas as medidas legalmente contempladas para a paralización das actividades e a suspensión do uso e explotación das instalacións*, só se pode cualificar de **excelente noticia** para todas as persoas que vimos loitando pola recuperación da Ría e que consideramos que o ilegal complexo industrial de Lourizán é o principal atranco para que esta recuperación poida chegar a facerse realidade. Neste sentido, queremos transmitir os nosos parabéns a Salvemos Pontevedra pola súa **victoria xudicial**, unha victoria que consideramos débese facer extensiva a toda a sociedade da comarca pontevedresa que loita pola desaparición do complexo ENCE-ELNOSA da súa Ría e das súas vidas.

Aínda que –ao noso entender- non deixa claro a sentenza a que instalacións afecta no seu fallo, desde a APDR entendemos **debe alcanzar á totalidade das instalacións da fábrica** de pasta de papel e, xa que logo, **impedir a continuidade da actividade de ENCE** no seu actual emprazamento. Neste sentido, esiximos da Administración que actúen en consecuencia coa decisión xudicial e que, como consecuencia da incoación do expediente de caducidade, decidan o **fin inmediato da concesión**.

Xa por último, ao tempo que reiteramos os nosos parabéns, queremos solicitar a Salvemos Pontevedra que, de ser posíbel, soliciten –como parte interesada- a execución da sentenza.

En Pontevedra, a 15 de xuño de 2011

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR